



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 29 DE

AGOSTO DE 2011

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dez horas do día vinte e nove de agosto de dous mil once, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, réunese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presenta escusa don Fernando Caride Suárez.

Asiste don Hugo Hernández Quintas, asesor.

Intervén como secretaria accidental da Corporación dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 22 de agosto de 2011.**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 22 de agosto de 2011 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

### **2º.- Correspondencia.**

- Escrito de don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro do grupo municipal de Esquerda Unida, de data do día 22 de agosto de 2011, rexistrado de entrada co número 13.650, no que comunica que estará ausente do termo municipal dende os día 25 de agosto ao 1 de setembro do ano que andamos.

### **3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.**

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa que dona Maria Jesús González Roel, doña Marta Maria Vázquez Golpe e él mesmo serán os representantes do equipo de goberno para formar parte das comisións sindicais que así o requiran. Así mesmo, informa que os sindicatos solicitan o uso dun local. Don Felipe Andreu Barallobre presentará na Xunta de Voceiros a proposta respecto de que os sindicatos usen o local dos grupos políticos polas mañás.

A continuación don Felipe Andreu Barallobre informa sobre a tramitación dos expedientes de contratación:

- Respecto do proxecto de Villa Concepción, xa están enviadas as invitacións.
- Respecto da obra de cubrición da pista polideportiva do CEIP Portofaro en Cambre, a dirección da obra xa foi contratado por un importe inferior a 5.000€.

Acerca do Colexio Portofaro, don Manuel Marante Gómez manifesta que recibiu diferentes queixas polo seu mantemento exterior.

#### Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta María Vázquez Golpe informa que se vai solicitar unha subvención para axente de emprego que se adicará ao asesoramento a empresas e a novos emprendedores.

Igualmente informa que se renuncia á subvención de técnico de orientación laboral do servizo público de emprego.

Para concluír, dona Marta María Vázquez Golpe informa que respecto dos orzamentos non se fará nada ata primeiros do mes de setembro. A interventora municipal facilitará unhas primeiras pautas a seguir, por exemplo o gasto máximo por cada área, entre outras.

#### Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Dona Rocio Vila Díaz propón que os edificios públicos de nova planta leven o sello de sustentabilidade.

Tamén comenta que o representante dunha empresa dedicada ao impacto medioambiental se puxo en contacto con ela para estudar a posibilidade de reciclar o noso propio lixo. A idea é que o Concello faga ese labor do que se ven ocupando o Consorcio das Mariñas.

Dona Rocio Vila Díaz remata a dicir que mañá, martes día 30, remata o prazo para presentar os proxectos da casa da cultura.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que os bancos situados na zona onde está o colexio Portofaro, no Temple, están deteriorados. Comenta que se pintarán proximamente.

Don Manuel Marante Gómez informa dos problemas que están a ocasionar as árbores nas beirarúas das zonas urbanas. Así mesmo, estuda a posibilidade de modificar o arboredo que hai na zona do colexio do Portofaro, na parroquia do Temple. Manifesta, igualmente, en canto ás árbores que están pegadas á ría, que ordeou podalas para evitar perigos de derrumbe encima dos edificios en caso de temporal.

A continuación, don Manuel Marante Gómez informa que non funciona o sistema de rega na zona da biblioteca no paseo dos Templarios, na parroquia do Temple. Están intentando amañalo.

Respecto do parque Miguel Angel Blanco, don Manuel Marante Gómez informa que hai dous bambáns que levan dous meses precintados pola policía local, dado que a súa madeira está podre. Informa que comprou dous novos bambáns. En canto ao parque situado paralelamente á autoestrada na zona do Temple, informa que recibiu queixas dos veciños polos xogos alí instalados porque son estáticos e pouco prácticos. Sinala que hai que solucionar este problema, ao mellor poñendo máis cousas sen sacar nada.

A continuación, ante as múltiples queixas recibidas, analízase a problemática da entrada de cans nos parques públicos.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que hai un grupo de persoas dispostas a crear unha comisión de festas para Cambre. O señor alcalde mostra a súa conformidade a reunirse con eles proximamente .

Tamén informa don Santiago Manuel Rios Rama que o representante dunha empresa que se dedica a expoñer todo o patrimonio cultural en Internet se puxo en contacto con él para ofrecer os seus servizos. Cobra 150 euros ao mes. Manifesta que estudarán este tema co persoal do museo.

Para rematar, don Santiago Manuel Rios Rama sinala que un veciño se reuniu con él para propoñerlle a organización dunha festa da roxoadada. Coméntase a posibilidade de organizar unha festa gastronómica en Cambre.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que en breve comezarán as obras pendentes nos colexios e que se fará unha limpeza xeral en todos eles antes de comezar o vindeiro curso escolar 2011-2012.

Dona Maria Jesús González Roel tamén informa que ten coñecemento de protestas dos veciños de Sigrás, respecto de que a estrada está sen pintar. Neste punto, don Manuel Marante Gómez comenta que falou xa con Fomento.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas e trinta e sete minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente



Manuel Rivas Caridad

A secretaria accidental



Verónica María Otero López